

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A moura de Lombao

En Lombao, entre Alvite e Muradás, parroquia de Santa M^a de Beariz, concello de Beariz (Ourense) presentouse unha moura cunha manta chea de ouro e púxo a asolear. Achegouse unha rapaza que estaba coas ovellas por alí e díxolle á moura:

□Ai, que tesoiras mási bonitas tes!

□Se as queres □repuxo a moura□ tes que ir á casa e traerme o mellor pano que teña a túa nai. Despois dareichas, pero ten moito coidado de non llo dicir a ninguén.

Pero a rapaza, claro, en canto chegou á casa, díxolle así á nai:

□Mamá, vin unha moura asoleando unha manta chea de ouro e ten unhas tesoiras moi bonitas. E díxome que mas daba se lle levaba o mellor pano de vostede.

□Pois lévallo, miña filla□díxolle a nai.

Cando chegou co pano cabo da moura, esta, enrabeada, quíxolle cortar a lingua e picarlle os ollos coas tesoiras por terlle contado á nai o trato que fixeran.

Afortunadamente para a nena, a moura non conseguiu facerlle dano e desapareceu.

No mesmo lugar, un home viu unha moura, seguramente a mesma que se lle apareceu á nena, cunha tenda chea de ouro. E díxolle o home:

□Ai, canto ouro tes!

□Se o queres □dixolle a moura ao home□ tes que traerme un xerro de leite, un cacho de pan e un ovo pra baterme na testa. Ti non teñas medo aínda que me sintas bruar coma unha serpe, logo espallareime que estou cargada de ouro, e despois caso contigo.

E o home levou o que lle pediu a moura: o xerro de leite, o cacho de pan e o ovo, mais non tivo valor para escacharlllo á moura na fronte.

O home colle medo e escapa. Disque se foi enterrar á Burata cabo dunha trabe de alcatrán.

BIBLIOGRAFÍA

LAMAS BÉRTOLO, Jorge, «As lendas de tradición oral do concello de Beariz», en *Argentarium* (Revista do Centro de Estudos

□Chamoso Lamas□), nº 1, 1999.